



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN JACOBEO DE ALMERÍA – CAMINO MOZÁRABE.

PRIMEIRO.-

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeas, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en orde a potenciar os itinerarios xacobeos, a información aos peregrinos, os programas de voluntariado como hospitaleiros nos albergues, a promoción da cultura xacobeas e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño de Santiago e dos peregrinos.

O Camiño de Santiago reúne unha rica experiencia histórica e a vivencia intercultural contemporánea nun excepcional escenario natural, patrimonial e humano. Ao longo dos séculos o Camiño de Santiago consolidou unha amplísima rede de itinerarios que abrangue toda Europa e España e que ten como meta a Catedral de Santiago de Compostela, en definitiva Galicia.

Que a Asociación Jacobeo de Almería – Camino Mozárabe ten entre os seus fins:

- *Contribuír á conservación, defensa e revitalización do Camiño de Santiago no máis amplo senso, con especial dedicación ao denominado Camiño Mozárabe de Santiago que discorre entre Almería-Mérida, así como os tradicionalmente coñecidos como Francés ou Vía da Plata, potenciando os vínculos da nosa provincia con Santiago, os seus camiños e tradicións.*
- *A promoción e defensa de sendeiros peonís, Grandes Rutas, Realengas e toda clase de “vías verdes”.*
- *A información e apoio aos peregrinos e a cantas institucións públicas e privadas o requiran, levar a cabo estudos e investigacións e colaborar con outras asociacións xacobeas ou de finalidade similar.*
- *A defensa do peón, ciclista ou cabalista en sendeiros, realengas, Grandes Rutas ou vías verdes e, cando por non existir as vías apropiadas, vese precisado a circular por estradas e camiños convencionais, principalmente no seu carácter de peregrino.*
- *Cantas actividades relixiosas, culturais, ecolóxicas e históricas teñan relación cos seus fins, evitando en todo momento a utilización da asociación para fins partidistas ou comerciais por calquera dos seus membros ou persoas alleas.*



Entre as diversas actuacións que promoven está a información e apoio aos peregrinos, persoas ou entidades que mostren interese polo Camiño de Santiago; estudos e investigacións e publicacións histórico-culturais sobre o Camiño de Santiago e a súa contorna: promoción de todo tipo de actividades culturais; atención a instalacións e institucións dedicadas especialmente á axuda aos peregrinos, mediante a colaboración na creación de albergues e refuxios; divulgación, revitalización, sinalización e mantemento dos Camiños de Santiago, con especial dedicación e interese ao denominado Camiño Mozárabe de Santiago que une Almería e Mérida.

A Asociación Jacobea de Almería – Camino Mozárabe leva adiante un importante esforzo a prol dos camiños xacobeos naquel ámbito territorial e ao abeiro deste convenio pretende incidir en dúas liñas de traballo:

a/ o equipamento de albergues xestionados por esta Asociación das localidades de Rioja, Abia e Ocaña (Las tres Villas). Pretenden a adquisición de liteiras, colchóns e almofadas para estes albergues de concellos da provincia de Almería e no Camiño Mozárabe de Santiago de Almería a Granada. Os concellos citados anteriormente, a Asociación Jacobea de Almería Camino Mozárabe e os propios albergues non recibirán contraprestación económica polo aloxamento de peregrinos, ofrecendo hospitalidade tradicional voluntaria, polo que se trata dun proxecto non lucrativo.

b/ Tamén o obxecto deste convenio colaborar na exhibición na provincia de Almería da exposición *Camiño de Santiago. Unha Biografía en Imaxes*. Trátase dunha exposición itinerante sobre o Camiño de Santiago en Galicia, contando co labor prestixioso de varios fotógrafos galegos: Delmi Álvarez, Fernando Bellas, Tino Martínez, Javier Teniente, Xulio Villarino e Tino Viz. Seguindo o fío condutor do Camiño Francés, a cidade de Santiago e a continuación a Fisterra, a exposición amosa as paisaxes históricas da ruta xacobeas e a súa singular riqueza humana.

Esta exposición será exhibida en Guadix e outras localidades de Almería coa finalidade de contribuír á difusión do fenómeno da peregrinación xacobeas en diversas localidades daquela provincia andaluza.

Con estas actividades a Asociación, pretende unha maior visualización do Camiño e da cultura xacobeas, en consecuencia, de Galicia, pois o Camiño de Santiago é un conxunto de itinerarios históricos de impacto cultural e económico de primeiro orde cuxa meta, en todos os casos, é Galicia. Polo tanto estas actividades fomentarán o propio Camiño e a súa difusión.

A colaboración iniciada no ano 1992 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a difusión das rutas xacobeas coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, instaladas tanto dentro coma fóra do territorio galego converteuse, co paso dos anos, nunha ferramenta imprescindible para fomentar a chegada de peregrinos que, á súa vez, impulsan o desenvolvemento económico e social de Galicia. Estas entidades son



as principais prescriptoras e informadoras dos futuros peregrinos, distribuíndo cada ano, nos cinco continentes, milleiros de credenciais, folletos informativos, etc., que teñen en todos os casos a Galicia como meta. Como é fácil comprobar en decenas de webs e redes sociais realizan estas accións sen custe para a nosa Comunidade Autónoma, maila concentrarse aquí os tramos finais de todas as vías xacobeas e a meta das mesmas.

Manter esta colaboración coas Asociacións do exterior de Galicia é fundamental para asegurar o fluxo de peregrinos xa que o espazo físico do Camiño, tanto na historia como no presente, ten unha dimensión que transcende o ámbito galego, español e europeo. Así queda acreditado no número de peregrinos que cada ano acoden a Compostela.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible promover a concorrência pública, dada a especificidade do programa e a natureza da Asociación única no seu ámbito territorial.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratéxico, en concreto:

a/ criterios xerais

- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago
- Se contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Asociación conta cunha ampla experiencia que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O labor desta Asociación redonda de maneira efectiva na conservación, recuperación e difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeas especialmente no traballo que realizan na sinalización e conservación do Camiño de Santiago denominado Mozárabe entre Almería e Granada
- Este colectivo realiza un meritorio labor neste itinerario xacobeo, salientando especialmente o seu labor na xestión dos albergues municipais de La Peza e Huaneja aos que se unen agora os de Rioja, Abia y Ocaña (Las Tres Villas) con máis de 600 peregrinos acollidos nestes establecementos.

b/ criterios específicos:



- A Asociación Jacobea de Almería – Camino Mozárabe posúe un número socios en torno ás 200 de persoas espalladas por ese territorio.
- A implantación da Asociación no territorio da provincia Almería está moi consolidada. O seu labor de conservación e sinalización do Camiño nese territorio é amplamente recoñecido.
- Esta Asociación co seu amplo labor e coas súas numerosas actividades contribúe notablemente ao incremento do fluxo de peregrinos desa provincia e por extensión da Comunidade Autónoma de Andalucía, que ocupa un dos primeiros lugares de afluencia e peregrinos é cómpre manter.

O orzamento a financiar ao abeiro deste convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
1.- Equipamento de mobiliario para albergues:	
- Liteiras Almeda (90x190), 9 unidades (prezo unitario 118,50 €):	1.066,50 €.
- Colchóns Bloock (90x190x13), 18 unidades (prezo unitario 45 €):	810,00 €.
- Almofadas fibra 90 cm., 18 unidades (prezo unitario 4,95 €):	89,10 €.
BASE IMPOÑIBLE	1.965,60 €
IVA (21 % B.I.)	412,78 €
TOTAL	2.378,38 €
Transporte e montaxe da exposición:	2.765,10€
Total	5.143,48 Euros

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aboará a cantidade de 4.150,00 euros coa finalidade de ser atendidos parte dos gastos xerados con cargo aos orzamentos do ano 2016 e na conta contable 627 que se distribuirán segundo o exposto anteriormente. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades sen que a Asociación poida obter beneficio algún polo mesmo.

A través deste convenio de colaboración establécese unha achega monetaria sen contraprestación da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, o que se axusta á figura xurídica privada da doazón modal e que debe suxeitar aos principios de xestión contidos no artigo 5.2 e aos de información a que fai referencia o artigo 16, ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a subscripción deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 10 de outubro de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente